

INVENTARIOS

De Philippe Minyana

Tradución de Dolores Vilavedra, feita para a Cía. Malbarate no ano 1990.

Dramaturxia para un microteatro de media hora de duración feita por Cristina Domínguez Dapena, coa complicitade de Melania Cruz, Beatriz Campos e Sheila Fariña.

Actrices :

Jacqueline: Melania Cruz

Angèle: Beatriz Campos

Barbara: Sheila Fariña

Dirección: Cristina Domínguez Dapena

Agradecementos: Carlos Alonso, Dolores Vilavedra, Centro Dramático Galego, Migallas Teatro e Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Jacqueline, Angèle e Barbara fan inventario das súas vidas por medio dunha especie de xogo que terá como regra contar a súa vida a través dun obxecto. Son historias xurdidas na Europa dos anos da posguerra europea, historias extremas nas que elas tres expoñen e expóñense ao público dun xeito tan directo que, malia ser escrito a principios nos oitenta, o textonos lembra a estrutura de un concurso-reality, no que a traxedia e a comedia se entrecruzan, por causa da crueza e o estilo directo co que se nos presenta.

Os nosos INVENTARIOS inspíranse na tele-realidade, baseándonos nunha liña de traballo interpretativo no que o centro é a contradición entre a importancia do que se conta (toda unha vida!) e o medio para facelo: unha sesión de media hora na que rexistrar a vida de tres mulleres que se topan na última etapa da vida.

Os nosos INVENTARIOS, están realizados por tres actrices mozas, no comezo da súa carreira, coa única pretensión de render unha pequena homenaxe a Mabel Rivera, ao Teatro do Malbarate e a todas esas mulleres pioneiras nos diferentes oficios escénicos en Galicia.